

Lei 2/1984, do 10 de maio, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1984

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 215, do 9.2.1984.

Emendas, BOPG núm. 232, do 12.3.1984.

Debate de totalidade, DSPG núms. 65, do 15.3.1984; 66, do 16.3.1984; 67, do 21.3.1984, e 68, do 22.3.1984.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 253, do 18.4.1984.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 262, do 5.5.1984.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 262, do 5.5.1984.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 74, do 10.5.1984.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 271, do 18.5.1984.

Diario Oficial de Galicia núms. 101, do 26.5.1984; 115, do 15.6.1984; 118, do 20.6.1984; 124, do 29.6.1984; 128, do 4.7.1984; 133, do 5.7.1984; 136, do 12.7.1984; 138, do 17.7.1984; 142, do 19.7.1984; 143, do 26.7.1984, e 144, do 28.7.1984.

Boletín Oficial del Estado núm. 73, do 26.3.1985.

Lei 2/1984, do 10 de maio, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1984

O Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1984.

Título I

Da aprobación do Presuposto

Artigo 1. O Presuposto da Comunidade Autónoma.

1. Pola presente Lei apróbanse os Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1984.

2. O Presuposto do Parlamento de Galicia, elaborado de forma autónoma polo propio Parlamento, está integrado nos Xerais da Comunidade Autónoma.

3. O Estado de Gastos do Presuposto da Comunidade Autónoma de Galicia ascende á cantidade total de cento cinco mil novecentos oitenta millóns cento vintedúas mil trescentas sesenta e tres pesetas, constituída polo importe necesario para o cumprimento das súas correspondentes obrigas.

4. Os dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio, detallados no estado de ingresos, ascende a un total de cento cinco mil novecentos oitenta millóns cento vintedúas mil trescentas sesenta e tres pesetas.

Capítulo II

Do réxime xeral dos créditos

Artigo 2. Transferencia de servizos ou medios procedentes do Estado.

A transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia dos medios ou servizos procedentes do Estado durante o presente ano de 1984, os créditos dos cales non se encontran incorporados nos Presupostos da Comunidade Autónoma, supoñerá a incorporación nos mesmos dos créditos necesarios para atender ás obrigas derivadas daquelas, así como dos dereitos económicos que se prevén liquidar.

Da asunción destas transferencias de medios e servizos darase conta, no prazo máximo de dous meses a partir da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, á Comisión de Economía, Facenda e Pre-

supostos.

Os créditos que figuran consignados nas distintas seccións do estado de gastos do Presuposto da Comunidade correspondentes a servicios e competencias transferidas, quedan supeditados en canto á súa disponibilidad e execución á obtención dos recursos que, como consecuencia dos mesmos, haberán de ser transferidos á Comunidade.

Artigo 3. Anticipos da Comunidade.

Con carácter de absoluta excepcionalidade e no caso de que as previsións da Tesourería Xeral da Comunidade o permita poderase anticipar, mediante acordo do Consello da Xunta, como máximo ata o importe das consignacións que a Comunidade haberá de percibir como consecuencia do disposto no correspondente Real Decreto de transferencias de servicios á mesma, no caso de que o oportuno expediente de transferencias de créditos estea nunha fase da súa tramitación que faga preve-la súa materialización no prazo máximo de tres meses.

Dos anticipos da Comunidade Autónoma que se efectúen darase conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos.

Artigo 4. Incorporacións.

Os créditos para gastos que ó remata-lo exercicio presupostario non estean afectados ó cumprimento de obrigas xa recoñecidas que

darán anulados de pleno dereito.

Non obstante, poderán incorporarse ós correspondentes créditos do Presuposto de Gastos do exercicio inmediato seguinte:

a) Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito, así como as transferencias de créditos, que fosen concedidos ou autorizados, respectivamente, no derradeiro trimestre do exercicio presupostario.

b) Os créditos que amparen compromisos de gastos contraídos antes do derradeiro día do exercicio presupostario e que, por causas xustificadas, non se puidesen realizar durante o mesmo.

Os créditos que se incorporen en virtude do disposto nos apartados a) e b) anteriores, deberán aplicarse ós mesmos gastos que motivaron a adquisición do compromiso.

c) Os créditos para operacións de capital.

Os créditos así incorporados deberán aplicarse a operacións de capital.

d) Os remanentes efectivos non comprometidos incorporaranse ó Presuposto da seguinte forma:

1.º) Os procedentes de subvencións específicas para servicios transferidos incorporaranse aplicándoos ás finalidades do servico concreto correspondente.

2.º) Os remanentes procedentes de subvencións para inver-

sións reais aplicaranse ó propio programa para o que foron concedidas.

e) Aquel outros créditos que corresponden a servizos transferidos e a materialización dos cales, pola súa proximidade ó remate do exercicio, non puidese realizarse durante o mesmo.

Artigo 5. Transferencias de créditos.

Poderán autorizarse as transferencias de créditos que se relacionan a seguir:

1.º) Coa autorización do Goberno da Comunidade, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, a proposta das Consellerías respectivas:

a) Á Sección 21, conceptos 611, 751, 771 e 781, para financiar operacións de capital polo importe a que ascende o 80% dos excedentes que se produzan nas consignacións presupostarias do persoal de servizos centrais da Xunta como consecuencia do retraso na incorporación do mesmo ou da contratación de persoal de inferior categoría da prevista.

b) Á Sección 21, conceptos 611, 751 e 781, polo importe a que ascende o 20% dos excedentes de persoal a que se refire o apartado 1.º.a) anterior, co obxecto de atender a proxectos en materia de cultura, que serán aprobados pola Comisión de Economía, Facenda e Presupostos, previo informe do

Consello Galego de Cultura.

A estimación das transferencias, levarase a cabo dous meses antes da finalización do exercicio presupostario.

Destas transferencias darase conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos.

2.º) Con autorización da Consellería de Economía e Facenda, a proposta das Consellerías respectivas:

a) Entre créditos do Capítulo I, Gastos do Persoal, que sexan necesarios, dentro dunha mesma sección, para satisfacer as nóminas normais, de conformidade coa lexislación aplicable.

b) Entre créditos do Capítulo II, compra de bens correntes e servizos, correspondentes a unha mesma Sección do Presupuesto.

c) Os que afecten a créditos do Capítulo VI.

d) Os que afecten a créditos do Capítulo VII.

As transferencias a que se fai referencia nos apartados c) e d) só se poderán facer entre créditos pertencentes a unha mesma Sección. Destas transferencias darase conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos.

e) As demais transferencias que, con arreglo ás leis, estean per-

mitidas.

3.º) As transferencias de créditos de calquera clase estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

a) Non afectarán ós créditos extraordinarios concedidos durante o exercicio.

b) Non minorarán créditos para gastos destinados a subvencións nominativas, nin os que fosen incrementados con suplementos ou transferencias.

c) Non determinarán aumento en créditos que, como consecuencia doutras transferencias, fosen obxecto de minoración.

d) Poderán minorar créditos calificados como ampliáveis coa perda desa calificación, non podendo, por tanto, ser susceptibles de incremento posterior.

Artigo 6. Créditos ampliáveis.

Considéranse ampliáveis ata unha suma igual ás obrigas o recoñecemento das cales sexa preceptivo previo cumprimento dos requisitos a que fai referencia o artigo 66 da Lei Xeral Presupostaria, os créditos que, incluídos nos Presupostos da Comunidade Autónoma, se detallan a seguir:

a) Os créditos destinados ó pagamento de cuotas da Seguridade Social así como as aportacións que a Comunidade Autónoma realice ó réxime de previsión social, e as prestacións regulamentarias e obrigatorias do devandito réxime.

b) Os créditos destinados ó abono de trienios, derivados do cómputo do tempo de servicios realmente prestados e do complemento de indemnización ou subsidio familiar.

c) As dotacións de persoal na medida en que sexan cubertas de conformidade coa lexislación aplicable en virtude de transferencias de funcionarios da Administración Central do Estado con destino ós servicios centrais ou periféricos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Os créditos destinados ó pagamento do persoal laboral en canto deban de ser incrementados como consecuencia de elevacións salariais dispostas de conformidade coa normativa vixente.

e) Os créditos dos que se module a súa cuantía pola recadación obtida naqueles ingresos que doten conceptos integrados nos respectivos presupostos. A dotación destes créditos e a súa dispoñibilidade queda supeditada á cifra de ingresos que se obteña.

f) Os destinados a promover a normalización no uso da Lingua Galega.

g) Os destinados ó exercicio de accións, á interposición de recursos e, en xeral, á utilización de calquera medio de carácter xurídico, de defensa dos dereitos e intereses da Comunidade Autónoma, tanto xudicial coma extraxudicial.

h) Os destinados ó pagamento de intereses, amortización do principal no seu caso e gastos derivados da Débeda Pública ou outras operacións de crédito.

i) Os destinados á constitución e desenvolvemento de empresas públicas.

l) En especial terán a consideración de ampliables os créditos que figuran nos conceptos 611, 751, 771 e 781 da Sección 21 e o concepto 847 da Sección 05, para execución do Decreto da Xunta 123/83, sobre fomento de emprego.

Artigo 7. Redistribución de créditos.

O titular de cada Consellería poderá redistribuí-los créditos dun concepto presupostario entre os distintos subconceptos que os compoñen, dando conta da correspondente remodelación ó titular da Consellería de Economía e Facenda, quen deberá da-la súa aprobación previa cando se trate de conceptos relativos a persoal.

Artigo 8. Créditos xerados por Ingresos.

1. A Xunta de Galicia, a proposta da Consellería de Facenda e previa autorización do Parlamento poderá habilitar créditos con base nos ingresos derivados das seguintes operacións:

a) Aportacións de persoas naturais ou xurídicas para financiar, xuntamente coa Comunidade Autónoma, ou, no seu caso, con

algún dos seus organismos autónomos, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos dos mesmos.

b) Alleacións de bens da Comunidade Autónoma, ou, no seu caso, dos seus organismos autónomos.

c) Créditos do exterior para inversións públicas.

2. A Consellería de Economía e Facenda poderá acorda-la xeración de créditos con base nos ingresos derivados das seguintes operacións:

a) Prestación de servizos.

b) Reembolso de préstamos.

c) Os ingresos procedentes de transferencias que o Estado realice para a Comunidade Autónoma, tanto para financiación dos servizos coma para inversións reais ou programas que a Xunta vaia realizar. Os créditos xerados baseándose neste derradeiro apartado, deberán aplicarse, no seu caso, á realización daqueles servizos, inversións ou programas que, ó efecto, se conviñesen.

Título III

Dos créditos do persoal

Artigo 9. Altos cargos da Administración Autónoma.

O total das retribucións íntegras anuais que por tódolos conceptos perciban o Presidente, Vicepresi-

dente, Conselleiros, Directores Xerais e Asimilados será idéntico ó consignado nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1983.

Artigo 10. Retribucións de funcionarios transferidos ou adscritos.

Os funcionarios transferidos ou adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia percibirán en 1984 o aumento porcentual dos seus haberes na cuantía e nos términos de aplicación que se sinalen na Lei de Presupostos Xerais do Estado para 1984.

A estrutura e cuantía das súas retribucións acomodárase igualmente á que rexa en todo momento para os funcionarios da Administración do Estado.

Artigo 11. Retribucións de funcionarios de emprego e de persoal contratado administrativo.

O total das retribucións íntegras dos funcionarios de emprego e do persoal contratado en réxime de dereito administrativo incrementárase no mesmo tanto por cento que se estableza na Lei de Presupostos Xerais do Estado para 1984.

O incremento anterior aplicárase tendo en conta que as retribucións resultantes non sexan superiores ás dos funcionarios de carreira a que sexan asimilables. Este límite aplicarase igualmente ós novos nomeamentos que poidan producirse consonte coa lexislación vixente.

As retribucións básicas deste persoal non poderán exceder das de entrada que correspondan ós funcionarios de carreira do grupo no que ocupan vacantes, as súas restantes retribucións terán o carácter de complementarias e co límite dos apartados anteriores.

Artigo 12. Retribución mínima de funcionarios que realicen xornada completa.

A total retribución íntegra mensual dos funcionarios que realicen xornada completa, computadas tódalas súas retribucións, non poderá ser inferior a cincuenta e tres mil duascenas cincuenta pesetas.

Artigo 13. Outros créditos de persoal.

Ademais dos incrementos previstos nos artigos anteriores desta Lei, o crédito consignado no concepto 21.01.128 poderase destinar para harmonizar as retribucións complementarias do persoal transferido á Comunidade Autónoma destinado en servicios periféricos.

A dispoñibilidade deste crédito farase por acordo do Consello da Xunta previo informe favorable da Comisión de Persoal.

Artigo 14. Aumento de retribucións do persoal laboral.

Para evita-lo réxime económico ou a cuantía das retribucións do persoal laboral en caso de modificacións do salario mínimo interprofesional, disposto con carácter

xeral ou de aplicación ó persoal laboral da Comunidade Autónoma, de Convenios Colectivos que afecten a toda a rama de actividade do persoal laboral respectivo, será necesaria a tramitación do oportuno expediente con suxeción ó que se establece na Lei de Presupostos Xerais do Estado para 1984.

Artigo 15. Contratación temporal con cargo a créditos de inversións.

Durante o exercicio de 1984 non se poderá contratar novo persoal con cargo a créditos de inversións.

A pesar disto, e excepcionalmente cando as Consellerías realicen por administración directa e por aplicación da lexislación de contratos do Estado as obras ou servizos correspondentes a algunha das inversións incluídas nos presupostos e para a execución das mesmas necesiten contratar persoal, os pagamentos por este concepto poderán imputarse ós respectivos créditos de inversións previa autorización da Consellería de Economía e Facenda.

O expediente tramitado ó efecto remitirase á devandita Comisión para que autorice o procedente con carácter previo á contratación do persoal. No expediente deberá acreditarse a ineludible necesidade de proceder á contratación por non dispoñer de persoal fixo ó efecto.

Nos contratos que inexorablemente haberán de formalizarse por

escrito e con suxeción ó disposto na Lei oito / mil novecentos oitenta, do dez de marzo, do Estatuto dos Traballadores, farase constar a obra ou servizo concreto para a execución do cal se contrata e o tempo de duración, que non poderá exceder do de execución da obra ou servizo de que se trate, sen que en ningún caso tales contratos determinen dereitos a favor do persoal respectivo máis alá dos límites expresados nos mesmos, e sen que diso poida derivarse fixeza ó servizo da Administración.

Artigo 16. Limitación no aumento e disposición de gastos de persoal.

A estrutura retributiva regulada nos artigos anteriores non xerará dereitos que poidan esgrimirse no momento de regular a Función Pública Galega.

Durante o exercicio de mil novecentos oitenta e catro non se tramitarán expedientes de ampliación de cadros de persoal nin disposicións ou expedientes de creación ou reestruturación de unidades orgánicas, se o incremento do gasto público derivado dos mesmos non queda compensado mediante a redución noutras unidades ou capítulos de gastos correntes non ampliables.

No suposto de que as ampliacións de cadro de persoal e a creación ou reestruturación de unidades orgánicas se deriven da entrada en funcionamento de novas inversións, o incremento de

gastos resultante deberá ser financiado con minoración noutras dotacións de gastos consuntivos non ampliables da Consellería que o propoña.

As vacantes que se produzan nos cadros de persoal con praza declarada «a extinguir», ou «a amortizar», comprendidas como tales nas distintas seccións dos Presupostos do Estado, quedarán amortizadas no mesmo momento que se orixinen, de acordo coas disposicións de cada servizo, sempre que non exista petición de reingreso formulada por funcionarios con dereito a ocupala, prohibíndose facer novos nomeamentos con cargo ós respectivos créditos aínda que estes non se anulen ata o remate do exercicio.

Exceptuaranse desta prohibición os nomeamentos que orixinen o paso de persoal doutras situacións ás de «a extinguir» e «a amortizar», previsto mediante a inclusión de novos créditos nas seccións correspondentes.

As vacantes existentes no trinta e un de decembro de mil novecentos oitenta e tres nos cadros de persoal dos Servizos Centrais da Xunta de Galicia só poderán ser cubertas a través da oferta pública de emprego a que fai referencia o Real Decreto 1778/1983, e co sistema de traslados voluntarios, regulados polo Real Decreto 1778/1983, do 8 de febreiro.

Exceptúase do disposto no apar-

tado anterior o persoal eventual ou de libre designación.

Artigo 17. Réxime de plena dispoñibilidade e dedicación absoluta.

Todo o persoal da Comunidade Autónoma ó que se lle aplique o réxime de plena dispoñibilidade para o servizo ou perciba o complemento de dedicación absoluta non poderá exercer ningunha outra actividade pública nin privada remunerada, e deberá prestar declaración de observancia de tal réxime.

Título IV

Dos créditos de inversións

Artigo 18. Contratación directa de inversións.

O Consello da Xunta, a proposta das Consellerías interesadas, poderá autoriza-la contratación directa de todos aqueles proxectos de obras que se inicien durante o exercicio de 1984, o presuposto das cales sexa inferior a cincuenta millóns de pesetas publicando previamente no *Diario Oficial de Galicia* as condicións técnicas e financeiras da obra a executar.

Trimestralmente, o Goberno da Comunidade enviará á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento Galego unha relación dos expedientes tramitados en uso da autorización expresada, con indicación do destino, importe e adxudicatario.

Os proxectos deberán referirse necesariamente a obras completas, sen que o obxecto dos contratos poida fraccionarse en partes ou grupos se o período de execución correspondese ó dun só presuposto ordinario.

Artigo 19. Contía mínima de aprobación de gastos de inversión.

A realización de gastos de inversión de calquera natureza, a contía da cal exceda de cen millóns de pesetas, requirirá a aprobación polo Consello da Xunta.

Autorízase ós órganos de contratación, con carácter xeral, a tramitación urxente, prevista no artigo vinteseis da Lei de Contratos do Estado, para a contratación de obras de ata cen millóns de pesetas, se ben o prazo de presentación de proposicións non será inferior a quince días.

Ós efectos do que se establece no párrafo anterior, son órganos de contratación da Xunta os Conselleiros da mesma.

Artigo 20. Declaración de utilidade pública.

A inclusión de calquera obra dentro dos Plans de obras e servicios incluídos nas dotacións que para inversións figuran nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma implicará, cando sexa necesario, a declaración de utilidade pública con urxente ocupación, que será declarada polo Consello da Xunta, a proposta do titular da Consellería en relación cos servi-

cios que dela dependan. Todo isto en aplicación do artigo 28.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Artigo 21. Plans e programas de inversións.

Os plans que elaboren as distintas Consellerías para regula-la execución dos créditos de inversións que figuren nos seus respectivos presupostos serán aprobados polo Consello da Xunta, previo dictame favorable da Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 22. Inversións con cargo ó Fondo de Compensación Interterritorial.

A execución de inversións das que os créditos figuran nas distintas seccións do Estado de Gastos dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, as dotacións dos cales se financian con cargo ás consignacións que figuran nos Presupostos Xerais do Estado para 1984, na sección 33, Fondo de Compensación Interterritorial, rexeranse polas normas relativas ó devandito Fondo contidas na Lei de Presupostos Xerais do Estado para 1984.

Artigo 23. Inversións con cargo á Sección 31.

1. A disponibilidad dos créditos que figuran consignados na Sección 31 dos Presupostos Xerais da Comunidade corresponderá ó respectivo Conselleiro titular da Consellería responsable da súa execución.

2. Os remanentes de créditos

que correspondan ás dotacións integrantes da Sección 31, incorporaranse no exercicio económico inmediato posterior. Se neste último exercicio persistisen tales remanentes, non comprometidos, estes incorporaranse como dotación global para financiar inversións.

3. Cando así se estableza en virtude do correspondente convenio ou acordo celebrado entre a Xunta de Galicia e as Corporacións Locais ou calquera outra entidade pública ou privada, transferiranse, no seu caso, ás devanditas Entidades os recursos precisos para financiar as inversións que, estando incluídas na Sección 31, se preveña a súa realización polas mesmas.

4. A substitución de obras financiadas cos créditos que figuran consignados na Sección 31, a execución dos cales non se poida realizar durante o exercicio previsto por causas debidamente xustificadas, deberá ser aprobada polo Consello da Xunta, previo informe favorable da Consellería de Economía e Facenda.

Título V

Das operacións financeiras

Artigo 24. Avais.

1. Durante o exercicio de 1984, a Xunta de Galicia poderá avalar as operacións de crédito que as entidades financeiras concedan

ás Corporacións Locais e Empresas participadas por SODIGA, e prestar un segundo aval sobre as empresas que, avaladas polas Sociedades de Garantía Recíproca, sexan socios partícipes destas. O importe a avalar durante o presente exercicio non poderá sobrepasar a garantía de cincocentos millóns de pesetas para o primeiro aval e de mil millóns de pesetas para o segundo aval. Así mesmo a Xunta de Galicia poderá avalar ata un límite máximo de mil millóns de pesetas operacións de exportación realizadas por Empresas galegas.

2. Os créditos avalados terán como única finalidade a de financiar inversións e operacións de exportación que realicen as pequenas e medianas empresas radicadas en Galicia.

3. Ningún aval poderá ser superior ó dez por cento da cantidade global autorizada para o primeiro aval, nin dun cinco por cento da cifra total autorizada para o segundo aval.

Estes límites non serán de aplicación ás operacións de exportación avaladas pola Xunta, en todo caso, cando se rebasen eses límites, darase conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento.

4. Tódolos gastos derivados da autorización e formalización dos avais serán de conta das empresas avaladas.

5. A formalización destas ope-

racións corresponde ó Conselleiro de Economía e Facenda.

6. Os avais prestados segundo o disposto nos apartados anteriores serán publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 25. Das operacións de crédito.

Autorízase á Xunta de Galicia para que emita Débeda Pública ata un máximo de 5.000.000.000 de pesetas para financiar gastos de Capital.

Autorízase, así mesmo, á Xunta de Galicia para que concerte operacións de crédito ata a cantidade máxima de setecentos cincuenta millóns de pesetas, coa finalidade de financiar gastos de inversión.

En tanto a Comunidade Autónoma non dispoña de recursos procedentes da súa participación nos ingresos do Estado a Xunta poderá concertar operacións de crédito para financia-los gastos correntes.

Corresponde ó Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía a determinación das condicións e demais características das operacións sinaladas no apartado anterior. A Consellería de Economía e Facenda, en representación da Comunidade Autónoma, formalizará as operacións de crédito e as emisións de Débeda que se concerten.

A Consellería de Economía e Facenda dará conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento de tódalas operacións que se realicen ó amparo das autorizacións concedidas no presente artigo.

Disposición adicional primeira

As dotacións presupostarias da Sección 10, Parlamento Galego, libraranse en firme e periodicamente a nome do mesmo, a medida que este o requira, e non estarán suxeitas a xustificación ningunha ante o Goberno.

Disposición adicional segunda

No Proxecto de Lei de Presupostos para o ano 1985 uníranse os Presupostos das Deputacións Provinciais de Galicia.

Disposición adicional terceira

As transferencias incluídas nos Capítulos IV e VII do Estado de Gastos do Presuposto precisarán para a efectiva aplicación dos respectivos créditos, da elaboración previa pola Xunta duns criterios que, aprobados por Decreto da Xunta, regulen as condicións e fundamento da súa concesión, así como o necesario control que sobre o destino dado polos receptores ós fondos recibidos ten que exercer-la Xunta.

Disposición transitoria primeira

1. Durante o exercicio de 1984 o Consello da Xunta poderá elevar-las taxas e exaccións parafiscais correspondentes ós servicios transferidos na mesma cuantía en que resultasen incrementadas polas disposicións da Administración Central.

2. Os precios dos servicios que se veñen prestando nos distintos centros transferidos poderán ser acomodados polo Consello da Xunta na cuantía necesaria para mante-lo nivel de prestación de tales servicios en función dos respectivos custos de funcionamento.

Disposición transitoria segunda

A presente Lei será de aplicación ós Organismos Autónomos que se poidan crear e ó seu correspondente Presuposto, que esixirá para a súa efectividade a debida aprobación parlamentaria.

Disposición derradeira

Autorízase á Consellería de Economía e Facenda para que

efectúe nas Seccións do Presuposto de Gastos da Comunidade as adaptacións técnicas que cumpran como consecuencia de reorganizacións administrativas, co fin de crea-las seccións, servicios e conceptos presupostarios que sexa preciso, e autoriza-las transferencias de crédito correspondentes. Estas operacións, en ningún caso, darán lugar a un incremento de crédito do Presuposto.

De todas elas informarase á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos.

A presente Lei entrará en vigor ó seguinte día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

(1)

Santiago de Compostela, 10 de maio de 1984

Gerardo Fernández Albor
Presidente

(1) O anexo incorporado a esta lei non se reproduce nesta edición.